¿Que tes que non recibiras?

IRIMIA

REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

CIBERENGHEDELLADOS

(na lingua do país)



BIBLIOTECA DA LINGUA GALEGA - FILOLOXIA

ANO XXI • Nº 604
Do 28 de maio ó
10 de xuño de 2001
Vintecinco pesos

EDITORIAL **CANDO A MANIPULACIÓN SAE POLA CULATA**

Hai veces que a sociedade civil, de maneira sorprendente e democrática, se impón, se sobrepón, ós abafantes medios de comunicación, a eso que se deu en chamar o poder mediático. Levamos denunciando hai tempo a estarrecente "conducción" da opinión pública por tódolos grandes grupos de comunicación españois facendo causa común arredor dun principio inquebrantable: todo nacionalismo é criminal, ...menos o español.

Foto: Jesús Uriarte

Con diferentes matices esa unanimidade básica existiu. Desde o ABC e a COPE, co seus xornalismos de cruzada, toque de rebato e pre-guerra civil, ata o grupo PRISA (El País, SER,..) co seu españolismo moderno, consumista e sabateriano.

Contertulios, políticos, informadores, opinadores, columnistas, catedráticos con cátedra nos xornais, cronistas deportivos e de sociedade, conselleiros e voceiros, asesores e expertos en cosmética política, filósofos e elaboradores de discurso, organismos públicos de recoñecido prestixio, ...a nómina de criminalizadores do PNV-EA foi realmente impresionante, capaz de esmagar calquera proxecto social.

E, realmente, criminalizar a partidos coma o PNV e EA, equiparándoos por sistema a EH e mesmo a ETA, é a maior inxustiza colectiva cometida por ese poder mediático contra unha causa política desde a transición. Porque eses partidos, con tódolos seus erros ou tropezos, teñen unha acreditada e arriscada traxectoria de pacifismo e diálogo, sendo os únicos, xunto a Izquierda Unida-EB, que foron quen de rompelo discurso do branco e o negro, dos bos e os malos, e sairse da arrebatada marcha cara a unha nada desexable ruptura civil na sociedade vasca.

A idea dos medios, planeada ou non, e

(continúa na paxina 6)

Daniel López Muñoz

O TRASNO **PICAPEDRIÑAS**

Os prehistóricos e as prehistóricas estamos moi contentos porque acabamos de ser homenaxeados polos modernos e contemporáneas. Dura un día, ás veces dous e mesmo unha semana. E fanse cousas moi bonitas.

Verás que me explico. O Gran Patrón declarou aí atrás, para botarlle unha manciña a un colega, que o euskara era prehistórico. Tamén dixo que o noso non. A min dixéronme que o que quería dicir era que o deles era prehistórico e o noso medieval. O catalán éche renacentista, seica. Pero de ser algo, eu prefiro ser coma os vascos, prehistórico, picapedra total. Porque pica de acó, pica de aló, contan que en vinte anos conseguiron que falasen decote en prehistórico un 10% máis de xente. E nós, por moito que cheguemos a medievais, imos en picado, harmonicamente a plomo. Claro que aló as ikastolas inventáronse nas catequeses, fan rock en prehistórico, non consenten que se agreda a súa paleolítica paisaxe e aman apaixonadamente tódalas súas troglodíticas tradicións. E aínda por riba, tanto levantan pedras de mañá como votan prehistórico á tardiña. Sonche do que non hai. Por iso que estamos moi agradecidos e felices: O xornal pon en prehistórico a súa portada, o que resulta moi chusco. E toda a modernidade ponse de vacacións ese día para celebrar que aquí houbo noutrora un idioma no que uns vellos descoñecidos escribiron cousas que non teñen o máis mínimo interese, e van á piscina, dan unha camiñada polo paseo marítimo, ou van á aldea a recordarse, en moderno, cómo se fala en prehistórico.

No meu cole, por exemplo, dixeron que o vello homenaxeado este ano non "daba xogo", así que se puxeron a concibir actividades diversas e bonitas: que se un paisano que fai cestos, que se un artesán de que sei eu, que se un que traballa o coiro....todo moi medieval, nada de prehistórico, algo é algo. Tamén que se xogos, que se competicións, todo moi propio. E ollo, que durante dous meses estiveron a traballar nun concurso de lemas a prol do emprego do galego, o que resultou impactantemente surrealista: ducias de nenos e nenas a parir lemas sobre o orgullo, sobre a bonitura, sobre o simbolismo, sobre o futuro do falar galego...en castelán.

E contentos, que menos dá unha pedra.

Foto portada: Carlos

A PALABRA

Xn 20, 19-23

Naquel día, o primeiro da semana, ó serán, estando pechadas as portas onde estaban os discípulos, por medo dos xudeus, chegou Xesús, e, poñéndose no medio díxolles:

-Paz convosco.

Dito isto, mostróulle-las mans e mailo costado. Os discípulos alegráronse vendo o Señor. El díxolles outra vez:

-Paz convosco: coma o Pai me mandou a min, tamén eu vos mando a vós.

E dito isto alentou sobre eles, e díxolles:

-Recibide o Espírito Santo: a quen lles perdoéde-los pecados, quedaranlles perdoados; a quen llelos reteñades, quedaranlles retidos.

O ECO

Bernardo García Cendán

O recuncho dos medos

Xoán, 20, 19-23

Os discípulos estaban agachados nunha casa pechada por medo ós xudeus. Reacción de supervivencia perfectamente comprensible naquela presiña de homes e mulleres que acababan de perder ó Mestre, fonte da súa seguridade e das súas esperanzas. Paréceme que no mesmo cerne das nosas almas hai un recuncho onde gardámo-la nosa ración de medo agarrada á profunda inseguridade que desacouga os nosos insomnios, eses minutos nos que nos afrontamos sen paliativos á verdade de nós mesmos. Percibo que na soidade íntima da vida, onde ningunha compaña pode alivia-la nosa pouquidade, medran, coma mala herba, tódolos medos. Constitúense en contrapeso das nosas utopías e vólvense freos para calquera actividade liberadora e, por iso mesmo, anovadora da nosa persoa e da sociedade que formamos. Posiblemente a única palabra que pode chegar, limpa e consoladora, a esa furna de intimidade solitaria onde se xoga toda a nosa vida é a que Xesús lles dixo: paz para todos vós. Unha paz sentida coma sopro continuado do Espírito que non nos deixa podrecer na soidade e vai termando da nosa debilidade. Supoño que a fe é pecha-los ollos e sentir a paz no recuncho dos medos. Paz do Espírito de Xesús que prende coma lume. Os discípulos abriron as fiestras e atopáronse cun estoupido de lume lucente que os levou onde nunca ousaran soñar.

Foto: Ana Varela

A CLAVE

Xabier Blanco.

O Espírito e o medo.

A morte de Xesús foiche un golpe ben forte para os seus seguidores e seguidoras. O enfrontamento do seu Mestre cos poderosos deixounos cheos de medo a posibles consecuencias negativas para as súas existencias. "Por medo dos xudeus" atopábanse reunidos coas portadas pechadas. E velaí que o Mestre lles dá as derradeiras leccións: deséxalles a paz, o shalom, é dicir, integridade de vida, procura da xustiza, harmonía. Mándalles, ademais, continua-la misión, esa misión que a El levouno á morte que tanto asusta agora ós seus .

O Señor Resucitado pídelles que teñan o valor de anuncia-lo seu evanxeo, sen importárlle-los atrancos e as hostilidades que atoparán. Poderán facelo se reviven a forza do Espírito. Espírito de amor que se opón ó temor, ó medo. Daquela, a presencia do Espírito na Igrexa, en todos nós, débenos levar a defende-la dignidade dos fillos e fillas de Deus, que ven pisado o seu dereito á vida e á verdade. Paralizarse por medo ós "poderes deste mundo" ou por medo a perde-la nosa comodidade e os nosos privilexios, significa negarse a acoller nas nosas vidas e nas nosas comunidades o Espírito do Resucitado.

A PENEIRA

Só nos lembramos de África se chega un cidadán de alí como polisón ou inmigrante, e esquecemos, por exemplo, a guerra de **SERRA LEONA** (50.000 mortos en 10 anos) e os seus refuxiados; nestes 4 meses voltaron ó seu país 59.000 deles desde Guinea Conakri: 40.000 en barcos da ONU e os outros a pé, polas selvas, onde padeceron a violencia dun dos bandos da guerra: o FRU. Moitos, sobre todo nenos, foron secuestrados para entrenalos nas armas ou nas minas de diamante de Kenema, cos que se están a enriquecer uns poucos dos 600.000 habitantes (80.000 desprazados pola guerra), pois é o país con máis mortalidade infantil: 1 de cada 3 nenos morre antes de cumprir un ano, e a media da esperanza de vida e só de 25,9 anos.

BURELA naceu do mar e anticipa a festa do Carme, o 3, antes da campaña do bonito que comeza o mércores seguinte (xuño-outubro). Agora reciclaron un dos "boniteiros", o "Reina do Carme", que pode ser visitado para coñece-las redes, as artes da pesca e a vida a bordo. Un destes "lobos de mar", xa xubilado, Balbino Trelles, ensínanolos segredos deste barco de madeira que nas súas bodegas chegaba a levar 25 toneladas de bonito e que no inverno ía ó pincho. É un sinal do que pode ser un porto-museo e algo que habería que imitar en moitas vilas mariñeiras antes de destinar tódolos aparellos á chatarra. Pero a loita máis grande segue a se-la busca de caladoiros para estes mariñeiros que están a sufri-la deixadez da política. Na foto, os estaleiros modernos de Burela.

O II FESTIVAL DE TÍTERES de Redondela vaise celebrar desde o 28 ó 3 de xuño coa participación de 16 compañías de Europa, Arxentina e Brasil que representarán 37 espectáculos, algúns na rúa, outros nos colexios e nos multiusos de Redondela e Chapela. Esta é unha mostra abondosa das diferentes técnicas de manipulación de títeres. Na foto, unha das representacións do Karromato da República Checa que se vai poder ver.

O SUFRIMENTO DO POBO SAHARAUÍ xa dura máis de 25 anos. España fixo desaparecer en xullo do 70 a Basiri, o líder dos nacionalistas, que estaba a defende-la liberdade deste país. Os seus seguidores fundarían 3 anos despois o Frente Polisario, entre eles Bouzeid, que aparece na foto e que tamén foi desaparecido coma outros 167 compañeiros, agora por Marrocos. A dor reborda as vidas dunhas familias divididas entre o seu territorio ocupado e o exilio nos campamentos de Alxeria, tribos e familias moi longas aínda están polo labor de ter moitos fillos/as para nos tempos de guerra poder continuar coa causa.

Visita-la **ARTE ROMÁNICA EN GALICIA E PORTUGAL** é un acontecemento feliz para coñece-lo Museo de Pontevedra, que vén de festexa-lo "Día dos Museos", o 18. Esta exposición pode verse desde o día 31 de maio ó 24 de xuño e representa as pontes que unen as dúas beiras do Miño. Está organizada polas fundacións Barrié de la Maza e Calouste Gulbekian de Lisboa. É un convite a mergullarnos no fulgor desta arte tan galega dos séculos XI e XIII. Así podemos contemplar este báculo do Bispo Pelaio Cebeira (199-1218) de cando a sé episcopal de Mondoñedo estaba en Ribadeo e que agora, paradoxalmente, está no Museo Nacional da Arte de Catalunya.

ISAAC RIELO presenta o primeiro deste mes o seu libro *Pantón, Historia e Fidalguía* neste concello que está empeñado en recupera-la súa memoria histórica, sobre todo a súa ruta do románico. Este historiador, que vemos na foto, demostra nos seus libros *O cancioneiro da Terra Chá, Cancións galegas,* etc. un probado rigor e unha linguaxe engaiolante. Pertence a unha xeración de cregos lucenses para os que o seu xubileo se converteu nunha prodixiosa colleita de froitos para o noso pobo, sobre todo das comarcas de Lugo, así a arte con Xaime Delgado ou a toponimia con Nicandro Ares.

Foto: Magar

Rematando maio, o mes de María, aquela aldeana de Nazaret, seguimos festexando a súa memoria acudindo á **VIRXE DA FRANQUEIRA,** o luns de Pentecoste, o 4, ó outro día da "Pascuilla" ou "Pascua pequena"..., xa antes, o luns de Pascua, celebrámo-la Virxe do Norte ou do Chamorro do Ferrol. Na Franqueira concéntranse ó redor de 50 parroquias do sur que veñen en procesión coas súas imaxes, algunhas en carros ou tractores. Cando se encontran nunha encrucillada saúdanse a través dos seus pendóns, con tres xenuflexións destes e dos seus portadores, e as propias imaxes achéganse e inclínanse tamén mentres os parroquiáns rezan. No verán tamén celebran a Virxe de Setembro.

A DEFENSA DAS LINGUAS é un dos obxectivos da Unión Europea no 2001. Neste continente hai máis de 50 idiomas que están a sufri-lo asoballamento doutros cun perfil e cunha historia máis imperialista, e todo polas manipulacións dalgúns políticos que nen sequera son capaces de recoñece-los avatares de linguas coma o galego ou o euskera; algúns coma Fraga invérnanas nun museo, e a ministra de Educación non sabe da persecución que sufriron e aínda sofren... Pola contra hai que tomar medidas políticas e económicas para respecta-la vida dos idiomas, así en Escocia non permiten que se exporte nada que non se identifique no gaelico do país que o fabricou, por exemplo, o whisky.

EDITORIAL **CANDO A MANIPULACIÓN SAE POLA CULATA**

. (continuación da paxina 2)

Foto: Jesús Uriarte

Na estratexia fallida de criminalización do PNV-EA houbo curiosas alianzas oficiadas pola intelectualidade.

coincidente co tándem PP-PSOE, era a do asalto definitivo ó nacionalismo vasco, traballándose nunha primeira fase os afectos do público –para o que contaron coa inestimable axuda dunha ETA á desesperada-, convencendo á opinión pública de que pensar en nacionalista era simpatizar coa *banda criminal*; cercando, en segundo lugar, ó Lehendakari, un cargo electo con toda a lexitimidade democrática, o representante institucional do pobo vasco a quen se lle deu trato de forza "*radikal*" extraparlamentaria; arrasando, en terceiro lugar, nas eleccións; e exterminando por fin a ETA –para eles o "único problema vasco"- con medidas exclusivamente policiais. Un plan tan habelencioso só funcionou ata que lle tocou mover ficha ó electorado vasco.

Para semellante empeño non só se empregou o poderío de medios de comunicación privados e públicos –as tertulias de radio nacional chegaron a un nivel de baixeza calumniosa realmente incrible-, senón que se enlamou a imaxe de organismos de recoñecido prestixio como o Centro de Investigacións Sociolóxicas.

Efectivamente, o ocultamento da última sondaxe, realizada o 25 de abril, fíxose esgrimindo ineptitude dos técnicos –disque unha nova calumnia-, pero, unha vez analizada, dedúcese que respondía a causas ben distintas: dunha banda á pésima imaxe do candidato popular, doutra o cociñado inverosímil que a dirección do CIS facía cos datos.

Vexamos: a 25 de abril, Mayor Oreja suspendía estrepitosamente como líder. O electorado vasco poñíalle un 2,7, tan só unha décima máis que a Otegui (2,6). De feito os únicos líderes que "aprobaban" eran os do nacionalismo non violento, comezando por Ibarretxe que sacaba a máxima nota.

Nesa mesma sondaxe, o 83% do electorado pensaba ir votar e destes o 72,3% xa tiña o voto decidido. Así mesmo, un 28,4% declaraba que votaría PNV-EA e só un 6.2%, PP. E, por último, entre o 26,5% de dubidosos, nada menos que un 23,6% vacilaba entre votar ó PNV-EA ou a outra candidatura, mentres que non chegaba ó 10% os que dubidaban entre votar ó PP ou a outra forza.

A pesar desa clara tendencia, nas conclusións do estudio, despois de facer unhas extrapolacións e cálculos interesados, acababan convertindo o 28,4% de voto decidido a favor do nacionalismo non violento nun 38,7% (29 escanos) e o 13,6% de voto decidido a prol do PP e PSOE nun xeneroso 43,3% (34 escanos).

A historia, sen embargo, non remata aí, pois o poder de terxiversación dos grandes grupos de comunicación continúa, tras o 13 de maio, coas interpretacións. Así resulta central e reiterativa a mensaxe de que o que se produce é unha trasvase *endogámica* de votos entre forzas abertzales, de EH ó PNV. Pero aínda que esa pode ser unha parte da verdade (pode ser que efectivamente o PNV-EA recolla os 81.000 votos que perden os violentos), aínda quedaría por explicar a procedencia de 60.000 votos máis de propina, que recollen os gañadores e que son decisivos para superaren ós partidos radicados en Madrid.

Foto: Txema Fernández

Javier Madrazo , de IU-EB, un home de comunidades cristiás de base, soubo mante-lo sentidiño. Agora todos parecen copiarlle o discurso.

Apostamos pola apertura dun tempo novo. O electorado vasco acaba de gañar un plebiscito a prol do diálogo sen límites, da cordura, da serenidade, do carácter plurinacional do Estado español, da madurez histórica, do cambio pacífico. E dun necesario cambio de mentalidade das *audiencias*, cambio nada doado e que nada van facilitar aqueles poderes mediáticos do nacionalismo español. Pero, visto o visto, nunca se sabe, e en calquera momento, pode pasar o que menos se espera.

POLÍTICA

Tintxu

E agora, Ribadumia

Teño que darlle explicacións ós meus paisanos e pedirlles perdón polo meu erro. Estas foron as primeiras palabras de Xosé Ramón Barral, popularmente coñecido como Nené, logo de prestar declaración perante o xuíz, que o acusaba de estar á cabeza dunha operación de contrabando de tabaco, cun cargamento de medio millón de caixas. Mentres os veciños comentaban: mira que pasarlle iso agora.

As dúas frases préstanse a variadas interpretacións. O encausado non precisou moito cal foi o seu erro. O participar nunha operación dese tipo poderá ser un delicto, unha operación comercial importante, unha aventura, pero ¿un erro? ¿ou o erro consistiría en deixarse coller?

Cando os veciños se preguntan como lle puido pasar iso agora ó seu alcalde e, de contado, todos recoñecen que desde sempre oíron falar das súas relacións co mundo dos contrabandistas de tabaco, tamén se abren novas interrogantes. As persoas que fan eses comentarios non semellan lamenta-las supostas actividades de Barral, simplemente se preguntan como o detiveron agora. E ¿por qué non? ¿polas súas boas relacións co poder político?

"haberá que ver ata onde chegan as proclamas dos responsables do PP de facer unha limpeza a fondo"

E logo un recorda escándalos parecidos de personaxes tamén moi populares na mesma zona, tamén metidos na política. Hai uns quince anos era Bea Gondar, alcalde do Grove no seu día; hai dez anos era Pablo Vioque, en Vilagarcía, que agora volve a estar de actualidade. Personaxes moi coñecidos e ben vistos nas organizacións do partido de turno: recadaban moitos votos e os seus xefes e compañeiros de partido non se facían máis preguntas.

No caso de Barral, Fraga e Palmou viñeron a dicir que souberan do asunto pola prensa. Todo máis chegan a admitir que tiran algo dos antecedentes, pero que non había nada probado. E, por suposto, deixan fóra de toda sospeita á nova estrela do PP en Pontevedra, brazo dereito de Barral en Ribadumia, como primeiro tenente de alcalde, e vicepresidente da deputación: segundo Fraga, Louzán foi membro dun consello de administración dun negocio de Barral sen chegar a sabelo.

Foto: Vitor Mejuto

Xa falamos algunha vez aquí da estrela fulgurante do tal Louzán, que en poucos anos pasou de empregado subalterno do concello de Ribadumia ós cargos antes citados. E ademais, curiosamente, aínda que o seu perfil parece dos de boina, medrou da man de Mariano Rajoy. O escándalo xorde moi preto dunhas eleccións autonómicas: haberá que ver ata onde chegan as proclamas dos responsables do PP de facer unha limpeza a fondo.

Por suposto, a presunción de inocencia vale para todo o mundo; pero tamén é moi certo aquilo que dicían xa en Roma, que a muller do César non ten só a obriga de ser honrada: cómpre, ademais, que así o pareza. E personaxes como Barral levan moito tempo presumindo de diversas cousas, tamén da súa inocencia, que agora se atopa fortemente en cuestión.

ENTREVISTA

CON J. R. PICHEL

José Ramom Pichel xunto a Diego Vázquez, Luz Castro e Antonio Fernández crearon no ano 1997 a empresa de aplicacións informáticas imaxin software. Por medio del quixemos saber cómo lle vai ó galego coas novas tecnoloxías. J. Ramom está convencido de que o futuro do galego debe pasar por unha reintegración lingüística co portugués. Disto e dos seus traballos nos falou na sede da súa empresa, en Santiago.

¿Como naceu imaxin software?

Da intención de catro persoas que estabamos a estudiar enxeñería informática na Coruña. Como viamos que, dentro das saídas que tiñamos, poderiamos traballar en asuntos que non nos atraían demasiado decidimos aplica-la informática a campos do noso interese.

Daquela ¿cales son os eidos nos que traballades?

Facemos desenvolvementos informáticos para tres campos concretos: as linguas, a cultura e a educación. Fixemos un xogo educativo conversacional para nenos de educación primaria que saíu hai unhas semanas, no que unha rapariga chamada Ana Branco ten que resolver o misterio de por qué Santiago está no aire logo de desaparecer 7 pezas de Compostela. Este xogo educativo é o primeiro que se fai en galego destas características incluíndo ademais contidos educativos que elaborou unha pedagoga que traballa connosco, temas transversais da LOXSE (educación para a saúde, para a paz, para a igualdade de sexos...), guía para educadores, etc.

¿Non cres que se botan de menos xogos educativos en galego para a etapa preescolar, xusto cando están aprendendo a falar?

Si, pero ¿que empresa pode permitirse o luxo de facer ela soa un producto tan necesario, exclusivamente para Galiza e en galego?

Fixestes tamén o corrector de textos Galgo

Dentro das ferramentas para as linguas elaboramos este corrector. Comezamos a desenvolvelo pola nosa conta e despois houbo un concurso público que gañamos.

E supuxo un gran avance con respecto a correctores anteriores coma o *Corrixe*

Á parte de ser un corrector ortográfico é tamén un corrector léxico, é dicir, que detecta os castelanismos, as contaminacións léxicas que constitúen un problema común ás linguas románicas minorizadas. Ademais de detectalas, e isto é o novidoso, ofrece unha serie de suxestións para substituílas por palabras galegas.

OS DICCIONARIOS GALEGOS

Tamén obra vosa é o *Diccionario de diccionarios*

Ata hai uns días era o único deste estilo dunha lingua románica. Foi unha idea que partiu de Antón Santamarina, director do Instituto da Lingua Galega e que nós levamos a

término. Son 11 diccionarios galegos desde 1863 ata o de Eladio Rodríguez, de 1962. Funciona coma un único diccionario no que un pode buscar unha palabra, das 87.000 entradas que ten, e pode ve-la definición segundo eses 11 diccionarios.

E ademais é unha historia da lexicografía galega.

Si e, alén diso, podes compara-las diferentes definicións para unha mesma entrada, ver como se copian uns a outros ou confronta-las diferentes visións do idioma que tiñan, sobre todo ollando para os prólogos de Carré e do de Valladares, nos que xa se enxergan conflictos que aínda se dan agora. Para Valladares (1884) un diccionario galego-castelán serviría para que os "patáns do campo" (sic) saiban como se di unha palabra na lingua que a xente instruída usa. Pola contra Carré (1928-1931) é rexeneracionista e por tanto reintegracionista, ó afirmar que usa as terminacións en –zón porque alén de seren patrimoniais, son as que se usan en Portugal con outra pronuncia.

Agora traballamos nunha segunda versión do diccionario de diccionarios, no que se van incluír seis máis.

¿Ti cres que algún día será posible chegar a un diccionario de referencia?

Como o galego está en fase de creación dunha variante estándar é practicamente imposible a aparición dun "diccionario de autoridade". Os cambios continuos na norma, aínda

mínimos, provocan a sensación de que non hai nada definitivo. Ademais penso que os diccionarios actuais veñen con outro defecto. Por exemplo, o novo diccionario da editorial Xerais, sendo un bo diccionario, cun elevado número de entradas di no prólogo que recollen palabras coma cabozo, de amplo uso na fala. Pero eu, os problemas que quero que me resolva un diccionario son os de cómo se di "disco ríxido" ou "computador". Eu quero que me dea solucións para a miña vida cotiá, e esas non mas dan. O preocupante é a filosofía que hai detrás. Que alguén pense que unha persoa domina mellor unha lingua por saber apeiros de labranza dío todo sobre ese idioma.

¿E pensas que é responsabilidade dos autores ou que é un reflexo da sociedade?

Creo que é un problema do sistema e de que ten que estar todo moi centralizado: parece que se non leva o carimbo da Real Academia Galega non vale nada.

Como empresa de informática en galego ¿con que problemas se atopa *imaxin* a diario?

Problemas con xente practicamente ningún mesmo con xente que vén de fóra de Galiza. Nalgún momento che poden preguntar por qué traballamos en galego ó que respondemos que porque é o noso idioma. Pero afrontamos outro tipo de problemas, como é o de traducir a máxima cantidade de material necesario para desenvolver tanto a parte técnica como empresarial.

¿Qué proxectos vos gustaría facer?

O que realmente nos gusta facer son productos de calidade. Agora estamos traballando para o galego,

pero nun futuro esperamos poder ofrecer productos para outras linguas. Nós temos ademais unha vantaxe con respecto ó resto do Estado que non queremos perder: somos bilingües en dous mundos: o lusófono e o hipanófono. Podemos facer perfectamente un corrector de textos do portugués e do español. Canto ó tema da educación esperamos facer aplicacións informáticas desenvolvendo o campo multimedia e o de internet e proxectos pedagóxicos serios.

INTERNET E O FUTURO DO GALEGO

¿Que futuro lle ves ó galego en internet?

Internet dinamizou o idioma. Cando aparecen áreas novas e te metes nelas xa é difícil saír. O galego subiu ó tren das novas tecnoloxías e agora é moi difícil que baixe. Unha das primeiras páxinas web que se fixo na Galiza xa se fixo en galego e queiras ou non estes detalles van converténdose en precedentes para novos traballos. Hoxe hai empresas que teñen o galego como opción nas súas páxinas web, aínda que despois, ó mellor, non o usan para nada. Non

Ilustración: Víctor Rivas

digo que a cousa estea ben, pero si que é un avance que o galego entrase nas novas tecnoloxías.

¿E non cres que se non se rompe esta dinámica non corrémo-lo risco de nos converter efectivamente nun gueto e que dentro de 50 anos non fale galego máis dun 20% da poboación?

Eu estou convencido. Pero tamén creo que quen levantou o galego non foi meu avó que traballaba nas leiras, o grande mito. Quen o fixo, quen dixeron "ata aquí chegamos" foi xente tan "labrega" coma Rosalía , Curros, Pondal, etc. Os que tiran para arriba dunha lingua son sempre as elites culturais. E se ese 20% é unha elite económica e cultural o galego irá para arriba.A xente nin é parva nin é unha traidora. Se lle ofrecen dous productos: co castelán ten acceso a todo, e co galego a moi poucas cousas. Por exemplo, eu como informático non teño acceso a nada de calidade en galego. Case é un exercicio de masoquismo vivir todo o día en galego tendo como teito o español

O que se vende co galego é a identidade. A min, que son de Vigo, educáronme en español. E non mudei para o galego porque me fose máis práctico, senón por ideoloxía. Non creo que haxa un neofalante que o faga por outra razón, porque non é fácil nin agradable, xa dende a escola, onde te miran coma se quixeses da-la nota. Pero esa identidade non convence a máis dun 20%. Mentres tanto o español vende utilidade.

Pero, se o español tamén vende prestixio e ascenso social, aínda que sexa imaxinario, por estar vencellado a unha elite económica que se desenvolve nesa lingua ¿non ven sendo ese hipotético 20% o mesmo ca desaparecer?

Co galego que temos na actualidade nunca imos poder chegar aí arriba, porque nunca nos imos poder retroalimentar de galego para subir. Os referentes están en español. A poboación galega que ten acceso á lingua escrita, os que len, que xa son poucos, fano a través dun quiosco, que o hai en todas partes. Pero ¿cando o galego vai poder encher un quiosco? ¿Cando vai haber unha revista "do corazón" en galego? Nunca. Se se puxesen os medios para unha reintegración lingüística coa lusofonía, daquela si que o galego iría para arriba, porque o portugués e por tanto o galego si que é quen de enche-los quioscos. Creo que non hai outra saída.

E non cres que a adopción do estándar portugués provocaría unha deserción de falantes que deixarían de recoñecerse nesa variante.

A curto prazo ten uns custos asumibles recompensados a medio e longo prazo. ¿É tan difícil aceptar que no Brasil se fala galego como di Camilo Nogueira ou que en Galiza se fala galego-portugués? Creo que defender un galego independente do portugués é unha postura respectable pero suicida. Habería que xogar ademais coas cartas enriba da mesa e non andar distorsionando a mensaxe reintegracionista. Hai dúas opcións: por unha parte unha nación, un idioma independente. Pola outra crer que Galiza ten unha lingua que pertence a un sistema de 200 millóns de falantes, e que a pertenza a este sistema ten de ser en igualdade de condicións. Se eu sei isto claramente elixiría con liberdade. Pero nin unha parte desvela realmente o que quere nin á outra lle deixan dici-lo que pensa. É un problema de poder, quen está nel e quen non. Pero o que máis pena me dá e que a grande represión veña do propio galeguismo, que cala as voces que discrepan da mensaxe oficial.

¿E ti non aprecias dentro do reintegracionismo unha especie de gusto polo victimismo, de que se está moi a gusto contra o poder?

Pode ser que haxa xente que sexa feliz nas barricadas e non queira saír. Pero tamén se pode dici-lo mesmo do outro lado. Haberá xente vencellada á literatura á que non lle interese unha reintegración lingüística, porque ó mellor só sobrevivirían Manolo Rivas e Suso de Toro.

Xosé Chao Rego

PENTECOSTE: VENTO E PALABRA

Había un fariseo que foi visitar a Xesús pola noite, non sei se porque a noite é longa é íntima ou porque o medo é libre.Xesús convídao a nacer de novo e engádelle a Nicodemo: "O vento sopra onde quere e ti séntelo zoar, pero non sabes de onde vén nin para onde vai. Así pasa con todo aquel que naceu do Espírito (Xn 3).

Nada menos estimulante que che pregunten se cres no Espírito Santo e che respondan: "Foise co vento".Quizais por iso, cando, camiño de Éfeso, Paulo preguntou a algúns discípulos se recibiran o Espírito ó seren bautizados, retrucaron:que nin tan sequera sabían que houbese un Espírito Santo (Feit 19,1-20)

O problema non é o descoñecemento, senón a utilización. Na Igrexa, o Espírito Santo tardou anos en ser recoñecido coma persoa , o que sucedeu no concilio de Constantinopla, ano 381. Pero penso que máis que escoitalo coma Persoa o empregamos coma Recurso. ¿Vai haber un conclave- é un dicir-, para designar novo papa? O primeiro que e introduce na Capela Sixtina é o recurso á súa acción indefectible, que logo non haberá a quen lle bota-las culpas se a cousa non leva cualidade.

A concepción do Materno Espírito goza dunha base enerxética e no Testamento Xudeu o primeiro chanzo para subir ó coñecemento do Espírito era a presencia do vento coma forza que procede de Iavé. O vento é de importancia ineludible para labregos e pastores coma portador de chuvias O vento é vehículo nas intervencións de Israel na historia.. Un segundo banzo para subir é a noción de alento, elemento vital para quen respira, sinal de vida.

Non debería ser sorprendente que a expresión máxima da presencia do Materno Espírito na Igrexa apareza en forma dun forte golpe de vento que encheu toda a casa, con lume en forma de linguas. Pentecoste –"cincuenta días da pascua"- é a resposta. que fornece o Espírito ó feito nefasto de Babel, cando dispuxeron matar linguas e crear un monopolio de comunicación, este en forma de lume, porque había moito que queimar

As palabras lévaas o vento, pero en Pentecoste a Palabra foi moi rexa e firme. A experiencia do Espírito é abondosa. En conxunto, 380 veces no Testamento Xudeu fálase da ruah que, como sabemos, contra o "Pneuma", que é neutro en grego, e do "Spiritus" latino, que é masculino, a Ruah ofrécesenos en feminino con toda a súa capacidade de evocar maternidade. Parece que por aí tiña que entra-la nova visión de Pentecoste: a do recoñecemento do elemento feminino no seo mesmo da Trindade de Deus, e non encargándolle a ninguén a representación da feminidade fóra da Trindade de Deus. Razón pola que me veño atrevendo a falar do Materno Espírito.

Foto: A. Ballesteros

UN PLANETA E DOUS UNIVERSOS

Ningún dos gobernos que goberna a globalización parece tomar en serio a loita contra a pobreza. Mentres se poida conte-la base de bos radares e moitos barcos á emigración ilegal, ninguén vai considerar accións masivas para reducir a pobreza dos nosos veciños. E, en todo caso, mentres a pobreza extrema se dea en países afastados, ninguén se vai ver ameazado por ela. As axudas ó desenvolvemento e a expectativa de vida dos pobres, cada vez son menores, mentres que as dos ricos se achega a récords de alongamento. Os sistemas democráticos dos países ricos practican a "solidariedade espectáculo", pero pouco se preocupan do incremento da poboación pobre mundial, mantendo os propios cidadáns nunha estragadora insensibilidade.

As axudas dos países ricos

Os países máis adiñeirados do mundo, agrupados na OCDE, prometeron gastar-lo 0,7% do PIB en axuda ó desenvolvemento. Pero só dedican unha media moi baixa do seu PIB. Estas axudas van baixando de ano en ano. Estes días Bruxelas acolle o III Cumio mundial sobre os países máis pobres do planeta. A anterior celebrouse hai 11 anos. Os compromisos adquiridos entón só foron cumpridos por cinco países (Suecia, Luxemburgo, Holanda, Dinamarca e Noruega), que aportan o 0,2%

Constátase que a desigualdade mundial vai en aumento. Así, se no 1990 a lista de países de miseria era de 25, agora xa temos que mencionar 49. Destes, 34 son do continente africano. Non é de estrañar que miles de emigrantes africanos intenten fuxir da miseria que os rodea.

Europa, un continente algo solidario, puxo en práctica unha campaña titulada "Todo menos armas" consistente en abrir-lo mercado europeo a tódo-los productos que proveñen dos países pobres para non castigalos con impostos diversos, pero aínda non están exentos tres productos básicos: azucre, arroz e bananas. Por iso algunha ONG fala do lema "Todo menos granxas", aludindo a eses productos agrícolas básicos que producen eses países. Os países ricos subvencionan as súas exhortacións agrícolas con grandes sumas de diñeiro, o que pecha a venda e arrasa a economía agrícola dos países pobres. Nos últimos dez anos as axudas para o desenvolvemento destes países descenderon ata a metade.

En España tamén descenden esas axudas, que están cada vez máis lonxe da demanda da sociedade civil dun 0,7%. É un dos países que máis axuda "ligada" ofrece, condicionando a cooperación coa adquisición de bens e servicios españois. Así os créditos FAD son destinados a países coma China. Tamén existen as modalidades dos microcréditos para fomenta-la empresa familiar e pequena. Estes

están abandeirados por ONG relacionadas co Opus Dei para destinalos preferentemente a Iberoamérica.

Un futuro desesperanzador

Carlos Marx como estudioso do capitalismo non se equivocou con esta concentración de poder económico existente na actualidade. Así prognosticou que ó madura-lo sistema veriamos recesións periódicas, unha dependencia cada vez maior da tecnoloxía e o xurdimento de inmensas empresas, oligopolios, que estenderían os seus pegañentos tentáculos por todo o mundo na procura de novos mercados que explotar.

A globalización é un proceso polo que as políticas económicas nacionais se van diluíndo en beneficio dunha política económica internacional. Isto supón o mellor, pero tamén o peor. O mellor: multiplica-lo benestar dos beneficiarios, ó poñer ó alcance destes información, miles de productos (materiais, culturais...) de todo o planeta. O peor: as xigantescas desigualdades que xera.

A civilización posmoderna actual esta conducindo a humanidade a unha situación enormemente deshumanizada. Quere impoñer un único modelo político e económico: o neoliberalismo, o mercado coa súa lei de oferta e demanda. Trata de impoñer unha visión pragmática da vida centrada na utilidade, no éxito e na competencia. Ademais parece non existir máis ca unha única maneira de pensar, intentando mante-la sociedade civil adormentada, insensibilizada, acrítica. Existen xa movementos desta sociedade que fan chega-las súas protestas. A vida é plural e unha visión monopolista contradí esta realidade dinámica e esperanzadora. Estamos na obriga moral de desobedecer, polo menos, culturalmente este monopolio do pensar que trata de acabar coa esencia dinámica do propio pensamento. É preciso reivindica-lo papel do suxeito, a súa crítica e o rexeitamento de reducilo, de reducirnos á dinámica monopolizadora dos obxectos.

As axudas ó desenvolvemento e a expectativa de vida dos pobres, cada vez son menores

Os pobres, os marxinados, os sen vivenda, os "enfermos sociais" merecen a nosa axuda, a nosa comprensión e solidariedade. Os nosos gobernos teñen que escoita-la sociedade civil que xa non quere escoita-los sermóns que predican o evanxeo do mercado. Eses economistas, burócratas e funcionarios que actúan en nome dos EUA e dos demais países ricos non falan o idioma da xente corrente, son falsos profetas, e os nosos políticos non se molestan en traducir.

Que exista globalización política, da ecoloxía, do desenvolvemento sostible, da xustiza social, dos dereitos humanos, que controle os movementos dos capitais e instaure regras, semáforos obrigatorios para todos. A utopía, en definitiva, é moita máis globalización, non menos. Pero non duns poucos contra todos.

O CARRABOUXO por XOSÉ LOIS



O NOSO TABOLEIRO

XVI ASEMBLEA DE CRENTES GALEGOS

A emigración e nós como galegos

O pasado 21 de abril a Coordinadora de Crentes Galegos celebrou a súa XVI asemblea. O fenómeno da emigración baixo o lema "A emigración e nós como galegos" foi o tema tratado. A Casa de Espiritualidade Xoán Paulo II (Monte do Gozo-Santiago) acolleu medio cento de participantes de varias comunidades e movementos cristiáns de base de Galicia. Dous foron os relatorios expostos, xunto coa comunicación de experiencias dalgúns emigrantes presentes e de traballadores de Cáritas particularmente. A xornada resultou moi participativa en sintonía co grave problema da emigración. Queremos dar conta do alí expresado e acordado. A pretensión é servir a unha máis ampla concienciación e toma de postura ante o fenómeno da emigración entre nós.

Da multiculturalidade á interculturalidade

Fixo o primeiro relatorio o profesor Francisco Carballo. O historiador paúl tratou o tema "**Da multiculturalidade á interculturalidade**". Na súa exposición desenvolveu estes tres puntos: a concepción actual de cultura, o debate entre multiculturalidade e interculturalidade e cómo nós podemos acepta-lo reto da inmigración e colaborar dunha maneira positiva para eles e para nós.

No respecto á cultura, no seu sentido máis antropolóxico, falou da nosa. A cultura galega para poder dialogar debe vigoriza-los seus códigos simbólicos, a lingua sobre todo. No multiculturalismo opta polo pluralismo cultural. A base é a autonomía desas formas subordinadas á liberdade do individuo

Non se trata de oporse á mundialización, senón á forma en que se fai. Debemos abrirnos nas escolas e grupos cristiáns, ter coñecemento desa xente a partir da acollida e o diálogo sensato, respectuoso, pedirlles información e dárllela.

¿Cal é o camiño para que se integren no pluralismo cultural? A escola laica, segundo Sartori. Que as escolas relixiosas se dean conta desto, unha escola igualitariamente aberta e a igrexa como escola de liberación. Integrarse non é que os emigrantes renuncien á súa cultura:"o ser nace coa súa cultura.

A lei de estranxeiría

A lei de estranxeiría é froito dunha política europea de restricción cara ós terceiros países, asegura Manuel Veiga, asesor de Cáritas de Santiago. Sobre esta lei, á que lle falta aínda o regulamento, en proxecto, unhas "pinceladas" baixo o título: A lei de estranxeiría. Melloras que hai que defender". Desenvolveu o tema en tres puntos: situación do estranxeiro en España, dereitos sociais e políticos que lle pertencen e, finalmente, sancións que a lei establece. No tocante ós dereitos políticos sinala a suspensión dos dereitos asociación, sindicación, manifestación (tamén participación)

No aspecto social esta lei 8/2000 é máis restrictiva ca anterior 4/2000, que potenciaba os dereitos sociais básicos para tódolos emigrantes. A anterior incluía o dereito á reagrupación familiar máis ampla.

En canto ás sancións establece fortes multas, ata o punto de achegarse á inconstitucionalidade.

É preciso, afirma, tomar partido como cristiáns.

Experiencias de emigración

Non foi fácil para eles abrirse camiño aquí. Os emigrantes presentes contaron a súa experiencia, o fracaso das súas expectativas.

Os colectivos de Cáritas de Lugo, A Coruña, Vigo e Santiago deron conta do seu labor neste eido, subliñando cada quen aspectos diferentes: de

EDITA: Empresa periodística A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**
COORDINACIÓN DA DIRECCIÓN: Pedro Pedrouzo Devesa, Daniel López Muñoz, Rubén Rivas Vidal. - Tlf. 981 557 333.
ARQUIVO FOTOGRÁFICO: Rubén Rivas Vidal, Luciano Pena Andrade. **CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Sara Paz Quiñones, Daniel Asorey Vidal, María Acha González.
COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Eliseo Miguélez Díaz, Antonio Fdez. Oca, Tonecho Meixide, Anxo Moure, Tintxu, Manolo Sordo, Francisco Lorenzo Mariño, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Miramontes, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Xosé Manuel Carballo, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, XAGG, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Henar Roman, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Gerardo Castedo Valbuena, Goretti Santos, Unai Suarez, Beatriz Cedrón Vilar.
ADMINISTRACIÓN: Pablo Mougán.
Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 981 57 79 11 (contestador).
SUBSCRICIÓNS: ordinaria: 2.500 pts. real: 3.000 pts. de Apoio: 5.000 pts. **Correo electrónico -** irimia@wanadoo.es
CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa e Riveiro
IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

O NOSO TABOLEIRO

Xosé Manuel Carballo

acollida, clases de lingua e cultura, casas como punto de encontro, e sensibilización da sociedade mediante charlas vídeo-fórum, etc.

Informouse tamén da axuda que os sindicatos lles están a prestar ós emigrantes. Comisións Obreiras na Coruña ten unha organización "City", como centro de estranxeiros con persoal propio e un secretario emigrante para Galicia. En Vigo tamén funciona CIG-emigración cunha oficina con persoal. Así mesmo hai outras persoas que lles axudan ós emigrantes, particularmente Asistentes Sociais.

A modo de propostas

No tocante ó actuar baralláronse un montón de propostas. Á fin, como conclusión, acordáronse estas dúas accións: facer un peche nun edificio civil e apoia-la concentración promovida por Cáritas o día 13 de maio na praza do Toral en Santiago.

ENCONTRO DE VERÁN:

para recrear unha espiritualidade liberadora

En tempos de "novas espiritualidades", cando as experiencias místicas están de saldo, queremos desde Irimia, un ano máis, compartir e recrear unha espiritualidade moi cotiá, nada extraordinaria, pero moi centrada no evanxeo.

Propoñemos unha fórmula nada orixinal:

- propoñémo-lo encontro: o vernos, falármonos, intercambiar experiencias, formas de vivir, de orar, de celebrar, de dubidar, de resistir;
- propoñémo-lo intercambio arredor do evanxeo lido en comunidade, sen présas, sen dogmatismos, cos pés na nosa terra, con inxenuidade e intelixencia;
- propoñémo-la humildade de deixarnos ensinar polos outros;
- propoñémo-lo silencio ás veces, a festa outras, a poesía, a expresión, o símbolo, a rexouba;
- propoñémo-la reflexión axudados por un mestre coma Xulio Lois que nos acompañará este ano;
- propoñemos seguir enriquecendo entre todos ese proxecto humildiño e agradecido de construír unha espiritualidade cristiá, actual, galega, leiga e aberta á realidade, liberadora de traumas e manipulacións, sandadora de medos e prexuízos.

E propoñémolo, coma sempre, co noso estilo: en grupo vertical (desde meniños de teta a vellos sabios en idade xubilosa); traballando todo entre todos e pagando a escote de acordo co que saia (hai sempre descontos para menores, parados e estudiantes),

¿Onde? Na beiramar, casa de Lago, parroquia de Valdoviño.

¿Cando? Entramos o 14 de agosto á tardiña –levando a cea- e saímos o 18 a medio día.

¿Como anotarse? Como as capacidade non son infinitas –25 camas máis tendas de campaña- e cómpre organiza-la intendencia, hai un prazo estricto para anotarse:

antes do 1 de agosto no teléfono 982-455010

ou, tamén, no correo electrónico *CASADOROMUALDO@terra.es*

FALANDO DA LINGUA

Lidia e Valentina

FACEMOS UN REPASIÑO E...

Comezamos cunha emerxencia: ¿recibíste-lo número desta mara**b**illosa (con B, igual ca mara**b**illa, mara**b**illar e mara**b**illado..., do latín *mirabilia*, "cousas estrañas, notables") revista? Nel expoñiámosvo-lo formato da instancia e..., por causas tipográficas, na proba impresa saíron tres erros:

1º. Todo ten que ir aliñado pola esquerda, incluso a data e mailo destinatario.

2º. Debaixo da data faltáronno-las nosas sinaturas

3º. O destinatario ten que ir en maiúsculas: SEÑORES LECTORES DA REVISTA *IRIMIA*

Pedimos d**E**sculpas, porque en galego dEsculpámonos con **E**...

Esta nena non me come nada.

E xa que andamos nestas de volver sobre o de atrás, imos seguir na mesma liña... Si, moitas veces cando ***vos*** estamos a escribir estes artiguiños (nós), na redacción sáen***vos***nos cousas (tamén a nós) que nos gustaría moito explicarvos (a vós), pero xa normalmente nos enleamos (nós) coma persianas e despois xa sabéde-lo conto das "palabras contadas", así que non é posible aclaralo todo. Hoxe chegoulle a hora..., alomenos a algunhas delas.

Ási pois, ó longo dos diferentes números saíronnos casos destes que vos marcabamos antes, e seguro que tamén todos escoitastes frases do tipo:

¡Non ***che*** sei!, e non querían dicir que non te soubesen a ti.

¡*Este rapaz non* ***me*** *come nada*! Cando o dicides non pensades en que vos coma un cacho a vós. Ou

¡*Que ben* ***che*** *me viña*!, tampouco é a ti.

Está claro que se suprimímo-los "che", "vos" ou "me" subliñados, a frase ten o mesmo sentido, simplemente perde a frescura do oral e a familiaridade que lle aportan estes pronomes de solidariedade (che) ou interese (me). Tamén se usan en plural:

¡*Non* ***vos*** *sei*!

E teñen tratamento de cortesía,é dicir, tamén se poden empregar para falar con vostede:

¡*Non* ***lle*** *sei*!

Nós usámolos moito para achegarnos máis a vós; contrastade con estes exemplos:

*Dei****che*** *un bico.* Aquí o "che" ten un referente (a ti), e se o quitamos a frase non ten o mesmo sentido.

Non ***vos/lles*** sabemos se ***vos/lles*** quedou claro, xa ***volo/llelo*** iremos vendo cando nos atopemos e nos falemos...

E falando de pronomes aproveitamos para destacarvos unha cuestión gráfica. Vexamos este enunciado:

"*Lavamos o noso corpo de riba a abaixo*", polo tanto "*lavámo****nos***": como podedes ver "*lavamos*" perdeu o "s" final ó ir seguido do pronome "*nos*" de primeira persoa de plural, pois así vai ser, a primeira persoa do plural dos verbos perde o –s final do morfema de número e persoa ó engadirlle o pronome *nos* (*erguémonos, peiteámonos*...) cando o pronome vai enclítico, isto é, soldado ó verbo. Contrastade con estoutros casos: *"Non nos lavamos", "Lavádesvos"*.

Aínda ***vos*** tiñamos leria para máis, pero *ímo****nos***, que despois non digan... ¡Gustounos isto das pequenas puntualizacións!, volveremos sobre o tema...¡Abur!

O CANTAR DO IRIMEGO

1. Houbo unhas eleccións
das que dou gracias en vasco,
tamén ó pobo de España
guíndolle eskarrikasco.
2. Os vascóns eran un pobo
de labregos e pastores;
en canto a paz e bondade
non podían ser mellores.
3. Mesmo especializados
en alindar nos pasteiros
marcharon de emigrantes
a países estranxeiros.
4. Mais en tempo xa pasado
do século Dezanove
industrializánse os vascos
e mandar chover, e chove.
5. Altos Fornos de Bilbao
ergueitos ceiban un berro
polo éxito tan grande
que acada a industria do ferro.
6. Se antes sobraba xente
para traballar, agora
ante a escaseza de vascos
ten que ir xente de fóra.
7. Ben que mal ían as cousas
nin todo negro nin branco
pero chegaron os "grises"
na man dura de don Franco.
8. Por culpa destas historias
a xente anda dividida
entre "maketos" de fóra
e a en Vasconia nacida.
9. Mentres o franquismo azouta
e as liberdades amarra
nace dura violencia
do nacionalismo etarra.
10. Os partidos estatais
abusando do dominio
intentan que a etnia vasca
padeza o exterminio
11. As eleccións resultaron
moderadas e obxectivas
e están pensando o porvir
as chamadas forzas vivas.
12. A xente normal cavila
que a única solución
e que siga adiante o pobo
e avance a constitución.